

Modificacións da P. D. da materia de CANTO

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de CANTO para o curso 2019-20.

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Non se terá en conta presentar en público o programa de memoria nos concertos e audicións planificados para o 3º trimestre debido á cancelación dos mesmos; para o 6º G.P non se terá en conta a realización do concerto de fin de grao.

- **MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Modifícase o repertorio mínimo esixible:

- 1º G.P

Unha aria antiga italiana

Unha canción de concerto iberoamericana

- 2º G.P

Unha aria antiga italiana

Unha canción de concertó iberoamericana

- 3º G.P

Unha aria ou dúo de ópera

Unha aria ou duo de cantata ou oratorio

– 4º G.P

Unha aria ou dúo de ópera

Unha aria ou dúo de cantata ou oratorio

– 5º G.P

Unha aria ou duo de ópera

Unha romanza ou dúo de zarzuela

– 6º G.P

Unha aria ou dúo de ópera

Unha aria ou dúo de cantata ou oratorio

Unha romanza ou dúo de zarzuela

Un lied

Unha canción de concerto francesa

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Non se terá en conta a participación nas audicións e concertos planificados para o 3º trimestre debido á anulación dos mesmos. As ferramentas de avaliación adaptaranse para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial e serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna: Correo electrónico, centros net, videochamadas, e/ou gravacións.

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Non se terá en conta presentar en público o programa de memoria nos concertos e audicións planificados para o 3º trimestre debido á cancelación dos mesmos; para o 6º G.P non se terá en conta a realización do concerto de fin de grao.

– 1º e 2º G.P

Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución vocal. 30%

Demostrar o dominio adquirido na execución das vocalizacións, estudos e obras, integrando os aspectos musicais-estéticos e os técnicos. 30%

Interpretar de memoria obras en galego, castelán e italiano cunha correcta fonética. 40%

– 3º G.P

Demostrar o dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. 25%

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. 25%

Interpretar de memoria obras en alemán cunha dicción e fonética correctas. 25%

Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. 25%

– 4º G.P

Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. 25%

Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio. 25%

Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. 25%

Interpretar obras en alemán cunha correcta dicción e fonética. 25%

– 5º G.P

Interpretar de memoria obras en francés cunha correcta fonética e dicción. 25%

Demostrar o dominio na execución de obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. 25%

Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. 25%

Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. 25%

– 6º G.P

Demostrar dominio no uso do esforzo muscular e a respiración adecuados ás esixencias da execución vocal. 10%

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da voz. 10%

Demostrar dominio na execución das obras, mediante a integración dos aspectos técnicos e musicais. 20%

Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras do repertorio. 10%

Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. 10%

Demostrar dominio e control do medo escénico. 20%

Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. 20%

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo do 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continúa.

A proba indicada na programación didáctica realizarase preferentemente por videochamadas e/ou gravacións, na convocatoria de dita proba indicarse a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba. En ningún caso se esixirán contidos planificados inicialmente para o 3º trimestre do curso.

Isto é aplicable a todos os cursos de Grao Profesional.